



**Federación Galega de Caza**

## **INTEVENCIÓN DO PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA, DON JOSÉ MARÍA GÓMEZ CORTÓN, ANTE A COMISIÓN DE INCENDIOS DO PARLAMENTO DE GALICIA.**

**XOVES, 19 DE OUTUBRO DE 2006**

---

Primeiramente permítanme que faga unha breve reseña sobre quen somos.

A Federación é unha entidade deportiva, sen ánimo de lucro, que agrupa a cazadores e sociedades de caza. De acordo cos seus estatutos, cos órganos de representación e goberno, e co seu organigrama, a súas funcións encóntranse claramente estruturadas en dúas grandes áreas: cinexética e de competicións. A cinexética dedicada á defensa da caza e dos lexítimos intereses das sociedades de caza e dos cazadores; e a de competicións ás competicións de caza nas que exerce por delegación funcións públicas de carácter administrativo, actuando en tal caso como axente colaborador da Comunidade Autónoma Galega (tal e como recolle art. 28.3 da Lei 11/1997, Xeral do Deporte de Galicia) estando recoñecida como entidade de utilidade pública.



## **Federación Galega de Caza**

A Federación Galega de Caza como tal, ten representatividade en órganos consultivos como: Comités de Caza e Consello Forestal entre outros.

A FGC atópase na estrutura da Real Federación Española de Caza, formando parte dos seus órganos e exercendo a súa representación na Comunidade Autónoma de Galicia. A través da RFEC estamos representados noutros órganos nacionais e mesmo internacionais, como na FACE con representación en órganos Europeos.

A FGC constituíase en Santiago de Compostela o 25 de xaneiro de 1985, conforme ao decreto da Xunta de Galicia 228/1994 de 14 de xullo, regulado pola Orde 28-7-1995 da Consellería de Presidencia e Administración Pública. Actualmente ademais dos seus propios estatutos sonlle de aplicación á Lei 11/1997 Xeral do Deporte de Galicia e outras normas que a desenvolven.

Contamos coa seguinte afiliación:

- 21.173 cazadores galegos federados de xeito individual.
- 458 sociedades de caza, número algo superior aos tecores existentes na actualidade, debido a que algúns destes teñen titularidade compartida por 2 ou 3 sociedades de caza, e unha ducia dedícanse exclusivamente á práctica da cetrería, caza con arco ou silvestrismo e non administran ningún tecor.



## Federación Galega de Caza

Así, de cada 3 cazadores 1 deles está federado de xeito individual, persoal e directo, e preto do 100% están representados na Federación a través das sociedades ás que pertencen, pois arredor de 9 de cada 10 sociedades de caza das existentes en Galicia están federadas.

Despois desta breve tarxeta de presentación, comezo coa intervención á que hoxe fomos convocados.

En relación aos incendios do pasado verán, remitímonos ao comunicado de prensa que desde a Federación publicamos o pasado 21 de agosto, unha vez concluída esa decena negra, e que agora reproducimos extractadamente. Calquera outra valoración a este respecto, entendemos que non nos corresponde facela a nós.

*“Os incendios forestais nas últimas décadas foron outra das pragas dos nosos montes e polo tanto dos cazadores. Neste verán tiveron unha maior virulencia que nos derradeiros anos. A Federación Galega de Caza manifesta a súa máis enérxica repulsa polos incendios forestais, e rexeita -desde tódolos puntos de vista- que o colectivo de cazadores poida estar implicado entre os posibles incendiarios. Non cabe esa desconfianza porque os cazadores sofren os incendios, primeiro como cidadáns e despois como cazadores porque se destrúe o medio no que se desenvolve o seu deporte, e as especies que habitan nese medio, e finalmente, porque a lexislación vixente prohíbe cazar ata durante 3 anos en terreos queimados. A pesares disto, poden existir eventualmente persoas que denominándose cazadores resultan ser incendiarios igual*



## Federación Galega de Caza

*que pode haber persoas incendiarias entre calquera outro colectivo social. Se nalgún momento se demostrase a implicación dalgún cazador federado nestes lamentables feitos, acabase de tomar o acordo da inmediata expulsión do mesmo da Federación.*

*Quedou constatado que no pasado mes de agosto os cazadores en tanto non remataron os incendios adicáronse maioritaria e activamente a apaga-lo lume de forma caladiña, que era o mais importante.*

*Unha vez feitas as avaliacións pertinentes solicitaremos das Consellerías competentes que á hora da recuperación das zonas queimadas se teñan en conta criterios que favorezan, ou cando menos non prexudiquen, a recuperación do hábitat, que acolla especies cinxéticas e á vez poidan servir de ferramenta na prevención do tan temido lume “. Ata aquí o extracto da valoración que efectuamos no seu momento.*

O lume é algo moi arraigado nas labores culturais agrícolas e forestais en Galicia ao longo da historia. O lume dominado, como usaban os nosos antepasados foi unha ferramenta esencial hasta fai poucos anos. O problema é que neste momento o lume deixou de ter ese fin para pasar a converterse nun medio de agresión aos demais e ao noso entorno. Xa non somos quen de domina-lo lume.



## Federación Galega de Caza

Nos últimos 40 anos Galicia sufriu unha profunda transformación. A poboación agraria reduciuse en preto dun 75%, o número de agricultores quedou reducido de xeito sensible, os cultivos mudaron, moitos pobos quedaron desertos ao tempo que as cidades medraban. As searas de trigo e centeo quedan tan só en zoas marxinais. Os novos “establos” non necesitan mulido de toxos e xestas para descansa-lo gando e así non é preciso roza-lo monte. O pan non se coce no forno de cada casa, mércaselle ao panadeiro, e xa non fai falta coller leña de xesta nin de uz. O gas butano e o gasoil veu a substituí-la leña de carballo ou de caxigo para quentarse. Nas rozas do monte cerca das casas, nas searas, e, en moitas leiras, hai pinos, eucaliptos, castiñeiros e carballos en menor medida, e moita matogueira. Esta gran transformación tivo lugar nun breve espacio de tempo, sen unha mínima ordenación de usos do terreo e por tanto dando lugar, neste momento, a unha certa anarquía nos usos da terra. Ordenación esta, por certo, moi difícil, con moito custo social, pero necesaria aínda que se faga de xeito elemental.

Mentres se producían estes grandes cambios, tamén había outros que todos loábamos, estradas, autoestradas, pistas forestais, etc. que atravesan o monte ou nos internan nel.

As cidades medraron ata o monte e mesmo hai urbanizacións que son verdadeiras illas no medio de plantacións forestais ou de mato.

Todo isto levou a que haxa máis combustible vexetal e que estea máis preto das casas. Pero tamén é certo que agora o monte, igual que antes,



## Federación Galega de Caza

non arde solo. É necesario que algo prenda lume, ben sexa por causas naturais, ou por concurso dun negligente o dun delincuente.

Pódense tomar moitas medidas, máis adiante falaremos dalgunhas. Pero hai unha, que ao noso entender ten que se-la primeira, mentres haxa persoas dispostas a prender lume haberá incendios. É necesario afondar moito no esclarecemento sobre cómo arranca o incendio ata lograr dar coa persoa que o provoca. De acordo cos datos facilitados polo Conselleiro de Medio Rural ao Consello Forestal Galego, non chega ao 5% o número de imputados polos incendios deste verán, a pesares de que foi o ano con maior número de detidos. Tódalas forzas de seguridade deberían poder traballar amplamente neste eido ata chegar a cotas de esclarecemento semellantes a outros feitos punibles. O incendiario, xa sexa negligente ou delincuente, non pode te-la sensación de impunidade, ten que sentir que investigan o feito, que as forzas de seguridade séguenlle a pista.

É moi importante tamén a colaboración da sociedade en xeral para facilitar datos ou indicios que axuden na investigación. Este ano, tal vez pola proximidade do lume a moitas vivendas, todos estamos máis sensibilizados. Débese tentar comprometer a todos no descubrimento dos incendiarios. Hai outros delitos nos que se conseguiu que a sociedade repudiasse aos delinquentes, que os aise socialmente.

É preciso que os incendiarios entren neste grupo de persoas perniciosas para a sociedade. Nós entendemos que estas campañas de



## Federación Galega de Caza

sensibilización deben ser moi cercanas a quen van dirixidas, ao mundo rural que é onde se producen os incendios. Esas persoas perden os seus bens, intereses, colleitas, madeira, caza, etc. Sería convinte facer unha avaliación económica e social do que unha aldea, parroquia ou concello perdeu con ese incendio: o valor da madeira, o valor das infraestructuras que é necesario reparar, o lucro cesante de determinadas actividades, etc. para que sintamos a perda de cadaún de nós nese lume. Os datos macroeconómicos das perdas son espectaculares, pero achéganse pouco á realidade de cada cidadán. Iso non significa que non se fagan campañas xerais de concienciación.

Por outra parte tamén é posible a prevención. É certo que debe poñerse especial atención nas labores agrícolas ou silvícolas que puideran, con malas prácticas, dar lugar a incendios, sen que elo dea lugar a prohibir sistematicamente estes labores. Igualmente coidamos que non tivo efectos positivos o que se pretendeu tralo incendio de Guadalajara do ano 2005, a raíz do que se dictaron normas polas que aproximadamente no 20% do territorio galego (precisamente no que se producen o maior número de incendios) non podían case circula-las persoas, o que facía que en grandes áreas os incendiarios podían adentrarse sen temor a atoparse con alguén. Seguramente a vixilancia do Exército, das Forzas de Seguridade, dos Axentes Forestais e Medioambientais, etc. debe actuar nesa dirección. Nós cremos que canta máis xente responsable haxa no monte menos posibilidades de actuación teñen os incendiarios de quedar impunes, e así, outros colectivos realizando as súas actividades poden contribuír a que vaia desaparecendo esa impunidade.



## Federación Galega de Caza

Mientras non diminúa o número de incendios será ben difícil reduci-los medios adicados á súa extinción. Os galegos seguiremos esixindo á administración medios para apaga-los lumes. Os técnicos saberán adecuar eses medios para que sexan eficaces na rápida extinción dos incendios.

Antes de seguir con esta exposición, coidamos que é preciso facer unha reflexión conceptual. Tódolos medios de extinción, a limpeza de cortalumes, as brigadas, os vehículos, os avións, etc. -que sen dúbida teñen unha importancia económica e social moi importante- son percibidos por unha boa parte da sociedade como “unha economía do lume”. Isto leva a que haxa xa unha certa resignación, a que isto non ten volta atrás, xa que hai moitos intereses arredor dos incendios, seguramente case todos lexítimos. É menester que todas estas accións - xa digo que ao noso entender, necesarias- se fagan de xeito que pasen a ser percibidas pola sociedade como unha parte da economía do sector agroforestal sustentable, imprescindible para Galicia. É preciso dar a entender que todos estes medios, de gran volume económico, non van a desaparecer desa economía agroforestal pero que mentres non baixe o número de incendios non será posible dedicalos a outras actuacións tamén necesarias. O cambio de concepto da economía do lume polo de economía do monte fáise necesario para camiñar cara un horizonte con poucos lumes pero con inversións e emprego no sector agroforestal.





## Federación Galega de Caza

Pensando xa coa visión que acabamos de expoñer, as actuais cuadrillas apagalumes deberían ser cada vez máis profesionais, pero non só cun cometido de bombeiros forestais, o seu traballo ao longo do ano debería estar destinado a que os incendios que poidan ter lugar no verán afecten a pouca superficie e poidan ser controlados rapidamente, polo que debería realizarse un especial esforzo no coñecemento exhaustivo do terreo asignado. A realización deses traballos (limpeza de cortalumes, de camiños rurais, de puntos de auga, etc.) ou a súa coordinación, deberán levarlos a cabo persoas cunha formación axeitada aos seus cometidos. É necesario que todo este labor sexa percibida pola xente do mundo rural e por tódolos colectivos que se desenvolven no mesmo como beneficiosa para as súas actividades.

Sobre a limpeza do monte, quixeramos facer algún comentario. Galicia ten máis de dous millóns de has. dedicadas a monte, ben sexa arborado ou matorral. A “limpeza” da súa totalidade non parece ser posible baixo criterios económicos nin sequera medioambientais. Pero é que nin sequera iso garantiría a ausencia de incendios, xa que propietarios ou xestores do monte non poden blindarse de xeito eficaz contra o lume, e menos contra os delincuentes incendiarios. Polo tanto é necesario establecer criterios de distinta intensidade na limpeza.

Parece razoable que se estableza unha franxa de seguridade sen mato nin plantacións forestais con especies de fácil combustión arredor das vivendas. Poderíase establecer outra franxa menor para plantacións forestais con especies de máis difícil combustión (castiñeiros, nogueiras,



## Federación Galega de Caza

etc.) arredor desas vivendas. Os titulares das vías públicas deberían ter limpas as marxes das mesmas, tamén con criterios preventivos, e que puidesen en determinados casos servir de cortalumes. E falando de cortalumes, os existentes e os que poidan ser necesarios no futuro é necesario que estean limpos para poder cumprir-la súa misión.

Calquera outra obriga de limpeza debe estudiarse con suma cautela para evitar caer en cuestións tales como:

- Hai cultivos agrícolas que tamén poderían arder cerca das casas (prados, cereais, etc.)
- Moitas casas, mesmo urbanizacións, construíronse pegadas ao monte, sen as mínimas distancias de retranqueo razoables en previsión destas eventualidades.
- Os cultivos agrícolas e forestais deben ter a separación mínima que evite interferencias negativas de certa importancia. Mesmo pódense prever pequenas zoas de transición con especies máis “neutras”. Coa situación da agricultura galega, coa división parcelaria, co arraigado concepto da propiedade da terra, non se deben fomentar divisións artificiais entre agricultores e silvicultores, que en nada mellorarían a nosa situación agroforestal.



## Federación Galega de Caza

O que si é certo, é que o fomento dos desbroces, xa sexa na actividade silvícola ou para melloras en calquera outro aproveitamento (caza, biomasa, etc.), fan que diminúa o risco de grandes incendios.

Hai outra cuestión que ao noso entender debería mudarse. Despois dos incendios enténdese que determinadas actividades teñan limitacións para favorecer a recuperación do terreo. Neste momento esas limitacións, nalgún caso, van máis alá da razoable recuperación e convértense en castigo a colectivos; é o caso da caza que queda prohibida durante 3 anos. No ano 2005 a Federación xa presentou alegacións ao borrador do Decreto que regula os aproveitamentos en terreos queimados. Queremos deixar patente, outra vez, que compartimos limitacións tendentes á recuperación do terreo, que na maior parte dos casos abondaría cun ano, e noutros non serían suficientes os tres. A nosa proposta vai na dirección de que a prohibición de cazar quede limitada a un ano, con posibilidade de chegar a tres se a administración forestal e medioambiental así o acordan en función dos seus informes sobre a recuperación dun territorio concreto. En ningún caso é razoable que nese tempo non se poidan realizar accións tendentes á recuperación das especies.

A actual redacción máis ben pode producir efectos contrarios aos que se pretenden conseguir. Calquera medida que prexudique a persoas ou colectivos pode ser usada por quen teña intereses contrarios a eles. Estas normas deben usarse con moita precaución e cautela.



## **Federación Galega de Caza**

Os usos do monte deben ser harmónicos si se quere busca-la multifuncionalidade do mesmo. Por iso pedimos que se escoite ao colectivo de cazadores á hora de establece-las políticas agroforestais que, ao noso entender, deben favorecer un uso do monte en termos sustentables no que se aproveiten tódolos recursos. Somos conscientes que o uso cinxético non é o prioritario, pero os usos principais poden ser compatibles con outros secundarios como a caza.